



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO DE CONVIVENCIA DE FINGOI, NA RÚA AVIACIÓN ESPAÑOLA, DE LUGO. EXPEDIENTE 52-2016. APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS.

Sendo as 13:30 horas do día 8 de febreiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Xefa do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Carmen Flores Pardo, Xefa do Servizo de Medio Ambiente, en funcións de Vicesecretaria.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- Don José Luis García Núñez, Auxiliar Administrativo da Sección de Patrimonio.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretaria.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procede a continuación a informar que as dúas ofertas presentadas teñen correcta a súa documentación administrativa, polo que procede a apertura dos sobres correspondentes á oferta económica, iniciándose de seguido e sendo o seu resultado o seguinte:

- DONA ERMITAS LÓPEZ RÍO, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 200.
- DON DAVID MOLDES SOTO, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 200 euros.

Visto que as dúas personas presentan a mesma cantidade económica, por parte dos membros da Mesa acórdase concederlles un prazo de 3 días hábiles, a fin de que, en cumprimento do disposto no apartado "12.1 PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN", da cláusula DÉCIMO SEGUNDA do prego de cláusulas administrativas particulares, poidan presentar acreditación de que contan á data de finalización do prazo de presentación de ofertas (6 de febreiro de 2017) con máis dun 2% de traballadores/as na súa plantilla que teñan discapacidade.

Logo deste trámite e de persistir o empate, convocarase unha nova reunión da Mesa de Contratación, a fin de resolver o mesmo mediante un sorteo.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martínez

